

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Corrección de erros.-Resolución do 30 de setembro de 2010 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), que aproba as bases reguladoras das axudas do Igape a particulares para a compra de mobles de madeira para o fogar e colchóns (Plan Remóblate Galicia), e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva.

Advertidos erros na referida resolución, publicada no DOG nº 211, do 3 de novembro de 2010, procede facer as seguintes correccións:

-Na páxina 18.030, no artigo 4.1., engádesa a alínea c):

«c) Así mesmo, no caso de que un establecemento de venda queira acoller no programa operacións de venda que, cumprindo as condicións establecidas nestas bases, non teñan a súa orixe nun fabricante adherido, poderá acollerse ás axudas sempre e cando realice pola súa conta o desconto completo do 8%.»

Na páxina 18.033, no artigo 11.1, onde di: «11.1. (...) Unha vez facturada a operación, as entidades colaboradoras terán que presentar no Igape a solicitude de axuda xunto coa solicitude de cobramento da devandita antes de que transcorra o prazo de catro meses contados a partir da data de autorización da operación polo Igape. (...); debe dicir: «11.1. (...) Unha vez facturada a operación, as entidades colaboradoras terán que presentar no Igape a solicitude de axuda xunto coa solicitude de cobramento antes de que transcorra o prazo de catro meses contados a partir da data de autorización da operación polo Igape, e nunca despois da data límite de presentación de solicitudes. (...)».

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Resolución do 21 de outubro de 2010 pola que se estiman solicitudes de modificación de denominación de prazas de profesorado universitario.

O Consello de Goberno desta universidade, na su sesión do 30 de setembro de 2010, acordou, logo da petición dos interesados, co informe favorable do departamento correspondente e examinadas as solicitudes razoadas e os seus currículos, os cambios de denominación das prazas de profesorado universitario que se relacionan no anexo.

En aplicación do dito acordo, resolvo modificar a denominación das áreas das prazas do profesorado universitario que se relacionan e segundo se detalla

no anexo. O que se fai público para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2010.

Juan José Casares Long
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

ANEXO

Apelidos e nome	Corpo docente	Área a que pertence	Área solicitada
Barrasa Ríoja, Martín	Profesor titular de universidade	Enxeñaría agroforestal	Proxectos de enxeñaría
Dfáz Rodríguez, Florentino	Profesor titular de universidade	Enxeñaría agroforestal	Proxectos de enxeñaría
Fernández Freijanes, Víctor	Profesor titular de universidade	Comunicación audiovisual e publicidade	Xornalismo
Palacios Estremera, Jorge	Profesor titular de escola universitaria	Enxeñaría agroforestal	Proxectos de enxeñaría

UNIVERSIDADE DE VIGO

Resolución do 15 de outubro de 2010 pola que se publica o plan de estudos da titulación de grao en Tradución e Interpretación.

Obtida a verificación do plan de estudos polo Consello de Universidades, logo de informe positivo da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación, acordado o carácter oficial do título por acordo do Consello de Ministros do 30 de outubro de 2009 (publicado no BOE do 5 de xaneiro de 2010, por resolución da Secretaría de Estado de Universidades do 13 de novembro de 2009), e para efectos de cumprimento do previsto no artigo 35.4º da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e na redacción dada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, que establecen que os reitores e as reitoras das universidades deberán ordenar a publicación no *Boletín Oficial del Estado* (BOE) e no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), neste caso, do primeiro inciso do punto 5.1 da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais, segundo o anexo I do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, segundo comunicado do 14 de outubro de 2008, da Subdirección Xeral de Coordinación Académica e Réxime Xurídico do Ministerio de Ciencia e Innovación, relativo á estrutura das ensinanzas, e segundo o artigo 26 do Real decreto 861/2010, do 2 de xullo, esta reitoría

RESOLVE:

Publicar o plan de estudos conducente á obtención do título de graduado ou graduada en Tradución e Interpretación pola Universidade de Vigo, que se recolle no anexo a esta resolución.

Vigo, 15 de outubro de 2010.

Salustiano Mato de la Iglesia
Reitor da Universidade de Vigo